REDE de INMIGRACIÓN, ESCOLA e SOCIEDADE

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
UNIVERSIDADE DE VIGO
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

SEMINARIO "A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO EN EDUCACIÓN. UN DESAFÍO ESTRATÉXICO"

Fai décadas que a expresión "transferencia de coñecemento" se representou no imaxinario académico e científico dos países con niveis razoables de desenvolvemento, a modo de concepto ligado ás posibilidades de converter e/ou transformar o coñecemento en valor comercial ou económico concreto. En poucos ámbitos de coñecemento como no noso faise pertinente a alusión a unha universidade máis comprometida (*engaged university*) que a que tivemos historicamente. A diferenza, en poucas palabras, é o paso dunha concepción lineal do coñecemento a outra na que tamén é posible, e desexable, que a cidadanía poida implicarse na creación de coñecemento, o cal solicita cambios na estrutura e organización institucional.

Para ese efecto, a Rede de Excelencia Universidade, Innovación e Aprendizaxe na Sociedade do Coñecemento (UIASC), organizou o Seminario Nacional "A Transferencia de Coñecemento en Educación. Un desafío estratéxico", celebrado na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, cos obxectivos de clarificar que pode entenderse na actual sociedade da aprendizaxe por transferencia de coñecemento en educación; promover unha maior e mellor comprensión da relevancia adquirida pola transferencia de coñecemento no ámbito da educación; examinar a pertinencia da transferencia de coñecemento en educación para a mellora da calidade dos procesos de formación e desenvolvemento; e propoñer indicadores susceptibles de ser incluídos nunha proposta institucional sobre transferencia de coñecemento en educación.

O Seminario foi inaugurado polo Sr. Vicerreitor de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela, a Sra. Decana da Facultade de Ciencias da Educación (USC), e a Sra. Comisionada do Campus da Cidadanía da USC.

A actividade deseñouse pensando no profesorado universitario, especialmente do ámbito das Facultades de Educación e/ou Formación do Profesorado, investigadores en Ciencias da Educación, profesionais da administración educativa, empresas de servizos educativos, e persoal das Oficinas de Investigación e Transferencia das Universidades. No seu desenvolvemento contouse coa participación de profesorado vinculado a distintas actividades de transferencia no campo educativo no noso país. Entre outros, Antonio Bernal Guerrero (US), José Manuel Touriñan López (USC), Carmen Fernández Morante (USC), Gonzalo Jover Olmeda (UCM), Rosa María Isusi Fagoaga (UV), Salustiano Mato de la Iglesiaa (Ex-Reitor da UVI), Concepción Naval Durán (UNAV), e Julio Vera Vila (UMA).

Confiamos, pois, que este impulso ao escrutinio da transferencia de coñecemento en educación gañará a reputación do sistema como un todo integrado (dimensións académicas, científicas e sociais) e, en consecuencia, é de esperar que gañe a calidade de vida e o progreso ou benestar da cidadanía.

Miguel A. Santos Rego
Coordinador da Rede RIES/UIASC
Director do Grupo de Investigación ESCULCA
Universidade de Santiago de Compostela

SUMARIO

PÁXINA 1
Editorial

PÁXINA 2
Experiencia Educativa

PÁXINA 5
Experiencia Investigadora

PÁXINA 8
Accións da Rede RIES

PÁXINA 13
Próximas accións da Rede RIES

PÁXINA 14
Próximos Congresos

PÁXINA 17
Novidades Editoriais

PÁXINA 19
Novidades Lexislativas

ISSN 2445-3781

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
UNIÓN EUROPEA

EXPERIENCIA EDUCATIVA

O proxecto CICC como contribución ao coñecemento sobre os procesos de axuda dos profesionais da carreira nos procesos de toma de decisións da xuventude

INTRODUCIÓN

No transcorrer polo sistema educativo, as principais transicións a afrontar polo alumnado son de carácter evolutivo ou académico, vinculándose as primeiras delas con aquelas transformacións relacionadas coas características persoais, mentres que as segundas asócianse cos cambios que teñen lugar nos itinerarios formativos durante os diversos niveis educativos polos que transitan os estudantes, condicionando, entre outros aspectos, a elección da carreira a realizar e o seu desenvolvemento profesional futuro.

Neste senso, Müñich e Mysliveček (2006) apuntan que a elección da carreira do alumnado predetermina o seu acceso á educación superior, á carreira profesional e, en consecuencia, á súa futura posición económica e social, dando lugar, conxuntamente, á aparición de posibles desigualdades socioeconómicas na poboación adulta. Polo tanto, de acordo con Hlad'o (2010), o proceso de elección vocacional, coa totalidade de aspectos que supón, resulta fundamental para favorecer o desenvolvemento integral do suxeito.

Neste marco xorde a presente investigación, deseñada no seo do Proxecto Erasmus+ denominado *Crucial Impacts on Career Choice* (CICC), centrada nos profesionais da orientación que traballan con estudantes de ata 16 anos, principalmente dos centros de Educación Primaria e Secundaria, por ser identificado como grupo de especial interese en investigacións anteriores (Košťálová et al., 2017).

A pesar das experiencias existentes centradas na adquisición de experiencias transferibles e de xestión da carreira, son moitos os mozos e mozas que, a día de hoxe, vense moi influenciados por múltiples factores á hora de realizar a súa elección profesional, polo que, a través da presente investigación, preténdese axudar ás escolas a fomentar a flexibilidade e a autosuficiencia entre os seus estudantes; isto é, ensinar e asesorar a poñer en práctica e desenvolver competencias de xestión da carreira (*Career Management Skills -CMS-*) como parte do seu traballo diario.

A coordinación desta actividade investigadora reside na *Evropská Kontaktní Skupina* (EKS), da República Checa, contando coa colaboración da *University of Derby* (Reino Unido), a *VIA University College* (Dinamarca), a Universidade de Santiago de Compostela (España) e o *Lifelong Learning Centre of Sivitanidios Publisch School of Trades and Vocation* (Grecia).

O devandito proxecto vénse desenvolvendo dende setembro de 2018 e ten como data de finalización o mes de agosto de 2021.

OBXECTIVOS

O obxectivo xeral céntrase en explorar os elementos que inflúen na elección da carreira dos estudantes de Educación Primaria e Secundaria dos países socios do proxecto, así como ofrecer recomendacións para os profesionais da orientación respecto de como abordar eses procesos.

Para a consecución desta finalidade téñense establecido os seguintes obxectivos específicos:

1) Analizar os factores que inflúen na elección da carreira dos estudantes de Educación Primaria e Secundaria.
2) Desenvolver estratexias para os profesionais da orientación na abordaxe deses factores.
3) Crear recursos de orientación que permitan o desenvolvemento de competencias de xestión da carreira (*Career Management Skills*) e aqueloutras de carácter transferible, así como favorecer a súa incorporación e uso na práctica diaria.
4) Promover ferramentas para a reflexión crítica que permitan aos orientadores afrontar a súa práctica profesional, e avaliar no exercicio do seu labor se se reproducen os estereotipos existentes de xénero, de carácter social e étnico.

DESTINATARIOS

Os principais destinatarios da presente investigación, a nivel local e nacional nos diferentes países socios, son os profesionais da carreira (titores, mestres, asesores psicolóxicos, orientadores) de centros de Educación Primaria, Educación Secundaria, centros de Formación Profesional e contornas comunitarias. De xeito complementario, poden considerarse tamén os seguintes grupos obxectivo:

- Docentes universitarios no ámbito da orientación profesional e o asesoramento.

EXPERIENCIA EDUCATIVA

O proxecto CICC como contribución ao coñecemento sobre os procesos de axuda dos profesionais da carreira nos procesos de toma de decisións da xuventude

- Alumnado de Máster e Doutoramento en materia de Orientación e Educación.
- Outros axentes implicados e interesados nos procesos de orientación profesional destinados a estudantes de Educación Primaria e Secundaria (oficinas de emprego, centros de asesoramento, ONGs, entre outros).

METODOLOXÍA

O deseño da investigación é de tipo mixto, comezando coa posta en práctica dunha fase cuantitativa para, con posterioridade, continuar cunha de corte cualitativo. No que respecta ao instrumento de recollida de información a empregar na fase cuantitativa, cabe indicar que consistirá nun cuestionario para alumnado e familias. A mostra escollerase seguindo o método de selección de niveis múltiples, de modo que estea conformada por estudantes de último curso de Educación Primaria e de segundo de Educación Secundaria, así como polos pais e/ou nais destes.

Con posterioridade, a modalidade cualitativa centrarase en comprender e explicar en maior profundidade os principais resultados obtidos a través do cuestionario. Para iso, realizaranse grupos de discusión nos centros educativos, participando no desenvolvemento de cada un deles, aproximadamente, oito estudantes de ambos cursos de Educación Primaria e Secundaria.

Adicionalmente, e tomando en consideración os obxectivos do proxecto, tamén se desenvolverán grupos de investigación (aproximadamente entre 25-30), que formarán parte dunha metodoloxía innovadora baseada en estudos empíricos, os cales serán interpretados e discutidos pola totalidade de participantes, co propósito de lograr unha comprensión máis profunda daqueles aspectos e factores relevantes. O punto de partida destes grupos será o diálogo continuo entre os investigadores de universidades e os profesionais da carreira, que estarán en condicións de proporcionar as bases para o desenvolvemento da súa propia práctica.

RESULTADOS ESPERADOS

Entre os principais resultados, espéranse os seguintes:

- Desenvolvemento e promoción de novas metodoloxías, ferramentas e recursos a empregar para testar e desenvolver competencias transferibles e de xestión da carreira -CMS- entre os estudantes de Educación Primaria e Secundaria, co propósito de que estas sexan aplicadas directamente na práctica.
- Elaboración dun manual/guía no que se recompilarán boas e innovadoras prácticas, tanto creadas como solicitadas ao longo do proxecto, para os orientadores da carreira que traballan en centros educativos de Educación Primaria e Secundaria.

Complementariamente aos resultados apuntados, debe destacarse a súa contribución no que respecta ao intercambio de información sobre políticas, prácticas e contextos de orientación para a carreira nos centros de Educación Primaria e Secundaria nos diferentes países socios; a actualización das accións formativas desenvolvidas por algúns dos socios participantes, o que permitirá a inclusión de novos coñecementos e experiencias; así como a información e ferramentas que un colectivo amplo de profesionais da orientación no contexto europeo poderá adquirir, e que lles permitirá traballar de maneira máis efectiva e dotar dunha mellor preparación aos estudantes para realizar os procesos de elección das súas futuras carreiras profesionais.

BIBLIOGRAFÍA

Hlad'o, P. (2010). Vliv sociálního okolí na kariérové rozhodování žáku pri prechodu do vyššího sekundárního vzdelávání. *Pedagogická orientace*, *20*(3), 66-81.

Košťálová, H., Kavková, E., Šindlerová, I., Hooley, T., Moore, N., Artess, J., Skovhus, R. B., Dimsits, M., Clark, K. A., Crudass, J., & Robertson, J. (2017). *The Diverse World of Career Guidance*. Praga: EKS.

Müñich, D., & Mysliveček, J. (2006). Transition of pupils to high-schools: demand-supply discrepancies and consequences. En P. Mateju, & J. Strakova (Eds.) *(Ne)rovne sance na vzdelani: Vzdelanostni v Ceske republice [(Un)equal Study Opportunities: Educational Inequalities in the*

EXPERIENCIA EDUCATIVA

O proxecto CICC como contribución ao coñecemento sobre os procesos de axuda dos profesionais da carreira nos procesos de toma de decisións da xuventude

Czech Republic] (pp. 220-246). Praga: Academia.

Miguel A. Nogueira Pérez

Cristina Ceinos Sanz

Elena Fernández Rey

GI DIOEP

Departamento de Pedagoxía e Didáctica

Universidade de Santiago de Compostela

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Dificultades diante da inserción laboral dos recén graduados en Pedagoxía. Un estudo de caso na USC

INTRODUCIÓN

O aumento do número de estudantes universitarios durante o último século foi notable, o que supuxo un importante incremento da porcentaxe de titulados sobre o total da poboación (Vidal, 2003). Por conseguinte, a competitividade por acceder a un emprego fíxose notar, obrigando ás institucións universitarias a realizar un seguimento dos seus graduados unha vez finalizaron os estudos e introducíronse no mercado laboral, analizando, entre outras cuestións, as dificultades ás que tiveron que enfrontarse, o tempo que necesitaron para acceder a un posto de traballo, as condicións laborais do emprego obtido, a adecuación das súas funcións e/ou o grao de realización das súas expectativas profesionais.

O actual momento de crise social e económica difumina o vínculo existente entre estas realidades, provocando que os estudantes universitarios perciban unha diminución das súas posibilidades de inserción e, por tanto, presenten baixas expectativas á hora de incorporarse ao armazón empresarial (González Lorente, e Martínez Clares, 2016). En concreto, a etapa de transición da universidade ao emprego volveuse prolongada, complexa e cargada de dificultades, destacando entre as mesmas a falta de preparación percibida para a incorporación ao mundo do traballo, o descoñecemento das saídas profesionais, a falta de información sobre a procura e acceso a determinados empregos, o desaxuste entre a formación adquirida e as esixencias do mercado laboral ou a falta de orientación na universidade (Pastor e Peraita, 2014), constituíndo esta última o alicerce fundamental para reducir a tan acentuada disociación entre o sistema educativo e o propiamente produtivo.

Así, co obxectivo de dar resposta á necesidade de dispoñer de resultados sobre os graduados en Pedagoxía, e por constituír unha das finalidades principais do novo modelo de educación superior, neste traballo analizáronse as dificultades máis destacadas ás que se enfrontan os pedagogos unha vez egresaron e se introduciron no mercado de traballo.

METODOLOXÍA

Participantes

A mostra está composta por un total de 259 suxeitos correspondentes a seis (6) promocións do Grao en Pedagoxía da Universidade de Santiago de Compostela (cursos académicos 2012-2016). Do mesmo xeito que noutras investigacións realizadas no campo da educación (Jiménez, 2007; Ruiz de Miguel e García de la Barrera, 2013; Ventura e Martínez Olmo, 2007), observamos unha presenza maioritaria (87,4%) do colectivo feminino.

Instrumentos

Xa que nos achegamos á realidade con fins principalmente exploratorios e descritivos, partimos dunha metodoloxía de carácter cuantitativo cuxos datos foron obtidos utilizando como instrumento un cuestionario. Está composto por vinte (20) preguntas de carácter pechado e tres (3) abertas, agrupadas en cinco bloques que fan referencia a: 1) datos sociobiográficos; 2) acceso á universidade e elección de estudos; 3) estudos actuais; 4) situación no mercado de traballo; 5) valoración dos estudos.

Análise de datos

A nosa investigación enmárcase nunha perspectiva empírico-analítica de carácter cuantitativo, cun deseño descritivo a través de enquisa, polo que recorremos ao software estatístico SPSS (IBM SPSS versión 24) para a análise dos datos.

PRINCIPAIS RESULTADOS

A fin de identificar cales son as dificultades que parecen ter unha maior incidencia no acceso ao emprego dos graduados en Pedagoxía, analizamos a opinión de estudantes e egresados respecto a cuestión para, por unha banda, observar diferenzas entre ambos colectivos e, por outro, analizar as dificultades máis destacadas polos egresados no seu desenvolvemento profesional.

En palabras do alumnado, son tres as dificultades que influirán maiormente no seu posterior acceso ao emprego. Trátase da falta de experiencia laboral previa (80,2%), a falta de información (45,9%), e a falta de formación específica (40,5%). Pola contra,

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Dificultades diante da inserción laboral dos recén graduados en Pedagoxía. Un estudo de caso na USC

non ter relacións ou contactos persoais (26,8%) sitúase como a dificultade que menos influirá no seu futuro, aínda cando existen estudos informando de que se trata dunha variable con gran incidencia (Souto-Otero, 2016).

Unha vez o alumno egresou, as dificultades fanse realidade, e as súas expectativas en relación cos obstáculos inicialmente percibidos parecen cumprirse. Se comparamos a percepción do alumnado coa dos xa graduados, ademais de observar un incremento na intensidade das respostas, vemos que o egresado refire as mesmas dificultades que como estudante (ver gráfico 1).

En case todas observamos un incremento na súa consideración como elementos que dificultan o acceso ao emprego do graduado en Pedagoxía. Pero hai dous que destacan ao aumentar considerablemente a diferenza entre ambas situacións: a falta de formación específica (dun 40,5% a un 64,9%) e a falta de información (dun 45,9% a un 58,4%). Así mesmo, perden forza as referidas á falta de formación en idiomas ou ao descoñecemento de técnicas de procura de emprego.

Dificultades percibidas por estudantes e egresados en relación á súa inserción laboral



Das dúas principais dificultades identificadas, primeiro por alumnos, e posteriormente con maior intensidade por egresados, unha delas ha de supoñer unha orientación clara para a universidade á hora de deseñar estratexias que melloren a empregabilidade dos seus egresados. A falta de información non debería continuar constituíndo unha dificultade na inserción laboral, e menos nunha titulación na que a orientación é un alicerce clave. E, por suposto, a outra dificultade tamén ha de ser un punto importante sobre o que adoptar decisións, aínda que é certo que esta se atopa directamente relacionada coa conxuntura económica.

CONCLUSIÓNS

O problema do desemprego xuvenil en España garda un compoñente estrutural, non cíclico, que se deu con anterioridade á crise; é dicir, a maior parte das dificultades que levaron a que o emprego dos mozos se vira enormemente afectado durante a recesión xa eran latentes.

A temporalidade, precariedade, falta de oportunidades, elevadas taxas de abandono escolar, imposibilidade ante a emancipación, procura insatisfactoria de emprego e demais debilidades ligadas á estrutura do noso mercado de traballo non apareceron durante a crise, pero esta permitiunos decatarnos da imperiosa necesidade de actuar sobre elas.

En calquera caso, é evidente que o nivel de implicación da universidade no acceso ao emprego dos seus graduados é parte responsable da aparición dalgunha das dificultades analizadas. A universidade ten ante si importantes retos, e non son poucos os que requiren de propostas coherentes ante aspectos que alumnos e egresados percibiron como obstáculos no seu proceso de inserción. A falta de experiencia laboral, de información, ou de formación específica son algúns a partir dos cales han de deseñarse propostas de mellora, que non teñen por que esgotarse no ámbito da Pedagoxía, senón que tamén se poderían ter presentes noutros programas formativos.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

Dificultades diante da inserción laboral dos recén graduados en Pedagoxía. Un estudo de caso na USC

BIBLIOGRAFÍA

González Lorente, C., & Martínez Clares, P. (2016). Expectativas de futuro laboral del universitario hoy: un estudio internacional. *Revista de Investigación Educativa*, *34*(1), 167-183.

Jiménez, A. (2007). Aproximación a un diagnóstico comprensivo sobre la formación y la inserción laboral en la titulación de Pedagogía de la UPSA. *Papeles Salmantinos de Educación*, *8*, 95-117.

Pastor, J. M., & Peraita, C. (2014). La inserción laboral de los universitarios españoles. *Revista de la Asociación de Sociología de la Educación*, *7*(1), 252-266.

Ruiz de Miguel, C., & García de la Barrera, M. J. (2013). Inserción laboral de los Licenciados en Pedagogía de la Universidad Complutense de Madrid (2006-2012): Cómo, dónde y cuánto tardan en colocarse los pedagogos. En M. C. Cardona, E. Chiner, e A. V. Giner (Eds.), *Actas do XVI Congreso Nacional/II Internacional: Modelos de Investigación Educativa* (pp. 1206-1213). Alicante: Asociación Interuniversitaria de Investigación Pedagógica.

Souto-Otero, M. (2016). Young people's views of the outcomes of non-formal education in youth organisations: its effects on human, social and psychological capital, employability and employment. *Journal of Youth Studies*, *19*(7), 938-956.

Ventura, J., & Martínez Olmo, F. (2007). Inserció laboral i empleabilitat en el marc de l'Espai Europeu d'Educació Superior: el cas de la Facultat de Pedagogia de la Universitat de Barcelona. *Temps d'Educació*, *32*, 99-117.

Vidal, J. (Coord.). (2003). *Métodos de análisis de la inserción laboral de los universitarios*. Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

Jesús García Álvarez

GI ESCULCA

Departamento de Pedagoxía e Didáctica

Universidade de Santiago de Compostela

ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSOS, SEMINARIOS E CONGRESOS

II Congreso Nacional de Formadores

Santiago de Compostela, 5 e 6 de outubro de 2018

No mes de outubro, a profesora Margarita Valcarce Fernández, do GI GEFIL, desenvolveu o Obradoiro "Orientación e Titorización na Formación para o Emprego" no *II Congreso Nacional de Formadores*, organizado pola asociación *Trainers for the Future* durante os días 5 e 6 de outubro de 2018.

Foro "Educar para o Século XXI. Desafíos e propostas sobre a profesión docente"

Madrid, 6 de novembro de 2018

A profesora Carmen Fernández Morante, do GI TECNOEDUC, participou como experta no "Panel 1: Formación Inicial Docente" no Foro "Educar para o Século XXI. Desafíos e propostas sobre a profesión docente" organizado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.

O estudo cuantitativo da variación morfosintáctica

Santiago de Compostela, 20 e 21 de novembro de 2018

O GI Gramática do Español organizou a actividade formativa "O estudo cuantitativo da variación morfosintáctica" na que participou como poñente principal a profesora Rena Torres Cacoullos, da *Penn State University* (USA). A actividade, que se desenvolveu na Facultade de Filoloxía da USC, xirou en torno a 3 partes fundamentais: sincronía, diacronía (variación e gramaticalización), e o método comparativo variacionista.

Especialização psicológica no desenvolvemento da carreira [E-Learning]

Porto (Portugal), 21 de novembro de 2018

A profesora Cristina Ceinos Sanz, do GI DIOEP, participou como formadora na actividade *Especialização Psicológica no Desenvolvemento da Carreira* [E-Learning], no módulo *Aplicação das TIC ás Intervenções de Carreira*, co obxectivo xeral de analizar o impacto das ferramentas TIC e as súas implicacións na Orientación para o Desenvolvemento da Carreira, así como impulsar a adquisición de competencias tecnolóxicas nos profesionais da Orientación. Esta acción formativa foi promovida polo Instituto CRIAP (Porto), especializado en formación de posgrao nas áreas de Psicoloxía, Logopedia, Traballo Social, Educación, Recursos Humanos, Ciencias Forenses e Criminais, cuxa dirección científica está presidida polo profesor J. Pinto da Costa.

V Congreso Internacional en Contextos Psicolóxicos, Educativos e da Saúde

Madrid, 21 e 23 de novembro de 2018

Varios membros do GI ESCULCA, GI DIOEP, GIES 10 e GIPED participaron no V Congreso Internacional en Contextos Psicolóxicos, Educativos e da Saúde, celebrado no mes de novembro, coordinando diferentes simposios.

#mWeekCoruña – "A Aula do Futuro"

A Coruña, 22 de novembro de 2018

A profesora Carmen Fernández Morante, do GI TECNOEDUC, participou como relatora no debate no #mWeekCoruña na mesa "A Aula do Futuro", á que pode accederse a través do seguinte enlace: https://manage.lifesizecloud.com/#/publicvideo/418db8f6-5550-4c41-a642-8c3f06a74bfb?vcpubtoken=6bfb0f37-4b0a-4047-ba5e-2fb155269d9f.

ACCIÓNS DA REDE RIES

XORNADAS "CULTURA TRADICIONAL E DESENVOLVEMENTO DE HABILIDADES SOCIORELACIONAIS"

Ourense, 24 e 25 de novembro de 2018

O profesor Alexandre Sotelino Losada, do GI ESCULCA, dirixiu as Xornadas "Cultura Tradicional e Desenvolvemento de Habilidades Sociorelacionais" celebradas na Agrupación Europea de Cooperación Territorial Eurocidade Chaves-Verín no mes de novembro e financiadas pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia por medio do programa Interreg V-A España-Portugal 2014-2020 (POCTEP). Dentro destas Xornadas impartiu o relatorio "Tradición e Pedagoxía: unha visión global".

KICK OFF MEETING DEL PROXECTO ERASMUS+ *CRUCIAL IMPACTS ON CAREER CHOICES (CICC)*

Praga (República Checa), 26 e 28 de novembro de 2018

As profesoras Elena Fernández Rey e Cristina Ceinos Sanz, do GI DIOEP, participaron no *Kick Off Meeting* do Proxecto Erasmus + *Crucial Impacts on Career Choices (CICC)* celebrado na cidade de Praga (República Checa). Nesta reunión inicial dos socios do proxecto, presentáronse de maneira global os obxectivos e a programación a cumprir a curto e longo prazo, ademais do borrador da proposta do plan de difusión das actividades do Proxecto elaborada polo GI DIOEP.

CONFERENCIA "MÉTODOS CUANTITATIVOS PARA A ANÁLISE DA CONSTRUCIÓN ENCAPSULADORA N DE QUE"

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

O GI Gramática do Español, dirixido pola profesora Vitoria Vázquez Rozas, organizou a Conferencia "Métodos cuantitativos para a análise da construción encapsuladora N de que", impartida polo profesor Anton Granvik da *University of Gothenburg* e da *University of Helsinki*. A actividade desenvolveuse durante a mañá do 27 de novembro na Facultade de Filoloxía da USC.

XX CONGRESO ESTATAL DE VOLUNTARIADO

Ourense, 28 e 29 de novembro de 2018

Alexandre Sotelino Losada e Javier Agrafojo Fernández, do GI ESCULCA, participaron no XX Congreso Estatal de Voluntariado co obradoiro "Aprendizaxe-servizo: implicación social e aprendizaxe cívica", celebrado en Ourense no mes de novembro.

CURSO "PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN E TRATAMENTO DA DISLEXIA"

Lugo, 23 de novembro de 2018 – Pontevedra, 24 de xaneiro de 2019

A profesora Paula Outón Oviedo, do GI ESCULCA, impartiu o curso "Protocolo para a detección e tratamento da dislexia no IES Perdouro de Burela (Lugo) e no CEIP Santiago de Oliveira de Ponteareas (Pontevedra).

REUNIÓN PROXECTO UNINTEGRA *UNIVERSITY LEADING FULL AND STEPWISE APPROACH TO THE INTEGRATION OF REFUGEES*

Braga (Portugal), 26 e 27 de novembro de 2018

A profesora Mar Lorenzo Moledo e a doutoranda Jésica Núñez García, do GI ESCULCA, participaron como representantes da Universidade de Santiago de Compostela na reunión do Proxecto Unintegra na *Universidade do Minho* en Braga (Portugal), xunto á *National Kapodistrian University* de Atenas, a Fundació ACSAR e a *Fundació Universitaria Balmes* (UVic-UCC).

II CONGRESO INTERNACIONAL "SAÚDE, EDUCACIÓN E CALIDADE DE VIDA"

Lleida, 10 e 11 de decembro de 2018

O profesor Miguel A. Santos Rego, coordinador do GI ESCULCA, pronunciou neste Congreso a conferencia de clausura "O futuro da universidade e o futuro do profesorado universitario: calidade e formación pedagóxica", celebrado o 10 e 11 de decembro na Universidade de Lleida.

ACCIÓNS DA REDE RIES

INFORME "A INFANCIA EN GALICIA 2018"

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018

A profesora Mar Lorenzo Moledo, do GI ESCULCA, xunto a Myriam Garabito, Presidenta de UNICEF Comité Galicia, e Irene Marín, Coordinadora de UNICEF Comité Galicia, participou na presentación aos medios de comunicación do Informe de UNICEF "A Infancia en Galicia 2018", celebrada o 13 de decembro na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

Link ao informe: https://www.unicef.es/sites/unicef.es/files/comunicacion/La_infancia_en_Galicia_2018.pdf

XIV MEETING OF SPANISH SOCIETY OF PHARMACEUTICS AND PHARMACEUTICAL TECHNOLOGY

Santiago de Compostela, 23-25 de xaneiro 2019

No mes de xaneiro, a profesora Lorena Casal Otero, do GI TECNOEDUC, impartiu o relatorio "As TIC na docencia: MOOCs e píldoras de coñecemento" no *XIV Meeting of Spanish Society of Pharmaceutics and Pharmaceutical Technology*, celebrado en San Martin Pinario.

ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN – GI TECNOEDUC

Braga (Portugal), xaneiro 2019

As profesoras Lorena Casal Otero e Carmen Fernández de la Iglesia, ambas do GI TECNOEDUC, realizaron, durante o mes de xaneiro, unha estadía de investigación no Departamento de Estudos Curriculares e Tecnoloxía Educativa (DECTE) da *Universidade de Minho* (Braga, Portugal). Este departamento encóntrase situado no *Instituto de Educação*, e o grupo de acollida das profesoras da USC foi o *Grupo de Investigação em Tecnologias, Multiliteracias e Curriculum.*

SORRISOS TRANSFORMADORES

Pontevedra, febreiro de 2019

A profesora Carmen Fernández Morante, do GI TECNOEDUC, participou no documental da Deputación de Pontevedra *Sorrisos Transformadores* facendo unha chamada á visibilización e recoñecemento da diversidade afectivo-sexual nas escolas. Este documental foi finalista na categoría de "Mellor serie web" dos XVII Premios Mestre Mateo. Pode accederse ao documental a través do seguinte enlace: https://youtu.be/q36rDNmxuxU

MARCADORES DE EVIDENCIALIDADE NAS LINGUAS NATIVAS DO BRASIL

Santiago de Compostela, 13 de febreiro 2019

O GI Gramática do Español organizou, no mes de febreiro, a Conferencia "Marcadores de evidencialidade nas linguas nativas de Brasil", impartida pola profesora Marize M. Dall'Aglio Hattnher, da *Universidade Estadual Paulista*, na Facultade de Filoloxía da USC.

MESA REDONDA "DERROGAR A LOMCE. UN RETO EDUCATIVO"

Santiago de Compostela, 18 de febreiro 2019

A profesora Carmen Fernández Morante, do GI TECNOEDUC, participou na mesa redonda "Derrogar a LOMCE. Un Reto Educativo". A actividade tivo lugar no Salón de Actos de UXT-Galicia, e foi un punto de encontro para profesionais preocupados pola reforma da LOMCE.

CURSO "APRENDIZAXE-SERVIZO NA ENSINANZA SUPERIOR. APRENDIZAXES QUE CAMBIAN VIDAS!"

Santiago de Compostela, 19 e 21 de febreiro de 2019

Varios membros do GI ESCULCA colaboraron xunto á ONG Farmamundi na organización de dous cursos de aprendizaxe-servizo para estudantes universitarios da Universidade de Santiago de Compostela que tiveron lugar na Facultade de Ciencias da Comunicación e na Facultade de Ciencias de la Educación.

ACCIÓNS DA REDE RIES

II PREMIOS EDUCA ABANCA

Santiago de Compostela, 21, 22 e 23 de febreiro 2019

O profesor Alexandre Sotelino Losada, do GI ESCULCA, foi nomeado a Mellor Docente de España no ámbito universitario nos premios convocados por EDUCA e converteuse no único profesor galego deste listado. Finalmente, conseguiu ser o 5º clasificado a Mellor Docente de España 2018.

II CONGRESO MUNDIAL DE EDUCACIÓN EDUCA 2019

Santiago de Compostela, 21, 22 e 23 de febreiro 2019

Os profesores Miguel A. Santos Rego e Eugenio Rodríguez Fernández, do GI ESCULCA, impartiron sendas conferencias no II Congreso Mundial de Educación EDUCA 2019, celebrado na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.

SEMINARIO "A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO EN EDUCACIÓN. UN DESAFÍO ESTRATÉXICO"

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2019

A Rede de Excelencia "Universidade, Innovación e Aprendizaxe na Sociedade do Coñecemento" (EDU2017-90651-REDT), coordinada polo GI ESCULCA, organizou o Seminario "A transferencia de coñecemento en educación. Un desafío estratéxico", celebrado o día 26 de febreiro de 2019 na Facultade de Ciencias da Educación da USC (Campus Vida). Este Seminario foi recoñecido como actividade de formación do profesorado universitario polo Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC.

XORNADAS DE PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE VIOLENCIA SEXUAL NA XUVENTUDE

Ourense, 12 de marzo de 2019

No mes de marzo, a profesora María José Méndez Lois, do GI GEFIL, impartiu a conferencia "Experiencias de ciberviolencia na poboación adolescente galega", no marco dunhas xornadas sobre prevención e sensibilización da violencia sexual celebradas na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo.

A VIOLENCIA 2.0 A EXAME NA POBOACIÓN ADOLESCENTE GALEGA. UNHA MIRADA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2019

A profesora do GI GEFIL, María José Méndez Lois, organizou, xunto á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Centro Autonómico de Formación e Innovación, o curso "A Violencia 2.0 a exame na poboación adolescente galega. Unha mirada con perspectiva de xénero" e celebrado no IES Xelmirez I.

XORNADAS DE PREVENCIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE VIOLENCIA SEXUAL NA XUVENTUDE

A Coruña, 27 de marzo de 2019

A doutoranda do GI GEFIL, Milena Villar Varela, impartiu a conferencia "Experiencias de ciberviolencia na poboación adolescente galega" nas Xornadas de Prevención e Sensibilización sobre Violencia Sexual na Xuventude que tiveron lugar na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña.

PROXECTOS DE INNOVACIÓN E ACTIVIDADES DOCENTES DO GIES 10

Pontevedra, abril de 2019

A profesora Margarita Pino Juste, coordinadora do GIES 10, dirixe o Proxecto de Innovación Educativa "Recursos TIC's na Educación Superior: a Píldora Educativa como recurso no proceso de ensinanza-aprendizaxe" na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo.

As profesoras Myriam Alvariñas Villaverde e Rut Martínez López de Castro, tamén do GIES 10, organizaron unha actividade o 12 de abril que, baixo o título "Didáctica da Expresión Artística desde a Perspectiva de Xénero" se centrou na promoción da perspectiva de xénero na Universidade de Vigo.

ACCIÓNS DA REDE RIES

III Seminário Internacional de Desenvolvemento da Carreira e Aconselhamento

Lisboa (Portugal), 10 e 11 de abril de 2019

Varios membros do GI DIOEP participaron na terceira edición do *Seminário Internacional de Desenvolvemento da Carreira e Aconselhamento*, cuxos principais obxectivos foron, entre outros, compartir e actualizar coñecementos no campo da psicoloxía profesional a partir de novas achegas da teoría, investigación e práctica; analizar e reflexionar sobre as habilidades dos psicólogos/as laborais nos contextos educativos e profesionais actuais; e a reflexión sobre o papel dos psicólogos/a laborais para a inclusión e o éxito escolar.

I Curso Espazo e Educación

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2019

Os profesores Julia Mª Crespo Comesaña e Eugenio Rodríguez Fernández, ambos do GI ESCULCA, organizaron un curso co obxectivo de descubrir aos futuros profesionais da educación o papel que xoga o espazo como vehículo de aprendizaxe. Entre outros contidos, abordouse a dimensión espacial da actividade humana, a arquitectura escolar desde o punto de vista da Pedagoxía, algunhas propostas no deseño de espazos escolares, a distribución e organización dos espazos no tempo de recreo, a relación entre currículo e espazos exteriores, e os parques infantís como espazos educativos.

Libro "Éxito Educativo. Claves de Construción e Desenvolvemento" (2019)

Santos, M. A., Valle, A., e Lorenzo, M. (Eds.)

A Rede RIES concibiu a presente obra para facer fronte ás frecuentes tentativas de banalización do éxito educativo nas sociedades actuais, que nada teñen que ver con simplistas alegacións que pretenden seducir a base de receitas sobre como alcanzar o éxito na vida ou nalgunha das súas máis conspicuas dimensións.

A utilidade deste libro reside na funcionalidade teórica e práctica dos seus capítulos ante as múltiples preguntas que suscita o desexo de logro persoal, xunto aos elementos que, a modo de variables, non poden ser obviados ao expor os avances ou sortear os retrocesos na senda do éxito sostido a través da educación.

PROXECTOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN

Proxecto III Informe "Os servizos sociais en España"

Proxecto de investigación financiado polo Consello Xeral do Traballo Social

Investigadora Responsable: Margarita Pino Juste

Entidades participantes: Universidade de Vigo

Duración: 2019

Contrato de Investigación "Informe sobre o Contido do Plan de Estudos do Grao en Traballo Social da *Universidad Internacional de la Rioja*"

Proxecto de investigación financiado pola *Universidad Internacional de la Rioja*

Investigadores Principais: Carmen Verde Diego e Rubén González Rodríguez

Institucións participantes: Universidade de Vigo

Duración: 2019

Contratos e convenios do GI GEFIL

A profesora Mª José Méndez Lois, membro do GI GEFIL, figura como investigadora principal de dous contratos de investigación con centros educativos da comunidade galega, en virtude dos cales se realizan as seguintes actividades de formación:

- **Lusco Fusco Un Espazo para Sentir/Sociedade Cooperativa Galega (Santiago de Compostela)**: contrato para a realización dun taller sobre coeducación das emocións e dos sentimentos en familias con menores de entre 2 e 6 anos (07/03/2019-31/12/2019).
- **IES Xelmirez I (Santiago de Compostela)**: contrato coa ANPA "Pais Xelmirez I" para a realización dun curso sobre coeducación das emocións e os sentimentos co alumnado de educación secundaria obrigatoria (02/01/2019-30/12/2019).

PRÓXIMAS ACCIÓNS DA REDE RIES

CURSOS, SEMINARIOS E CONGRESOS

REUNIÓN DE TRABALLO DO PROXECTO EUROPEO ERASMUS + *CRUCIAL IMPACTS ON CARER CHOICES (CICC)*

Derby e Buxton (Reino Unido), 1, 2 e 3 de maio de 2019

Varios membros do GI DIOEP participarán na reunión de traballo do Proxecto Europeo Erasmus + *Crucial Impacts on Career Choices (CICC)* que se celebrará nas cidades de Derby e Buxton (Reino Unido). O 1 de maio a reunión transcorrerá no seo do Seminario do *International Centre for Guidance Studies (iCeGS)* da Universidade de Derby, para traballar temáticas en relación á investigación dos profesionais nos traballos de orientación da carreira e as súas contribucións ás políticas e prácticas orientadoras. Os días 2 e 3 de maio terán lugar en Buxton diferentes sesións de traballo do Proxecto en relación ao deseño dos procedementos metodolóxicos da investigación a desenvolver en próximas fases do CICC.

X SEMINARIO DA REDE INTERUNIVERSITARIA DE PROFESORADO DE ORIENTACIÓN (RIPO)

As Palmas, 2 e 3 de maio de 2019

Membros do GI DIOEP participarán no X Seminario da Rede Interuniversitaria de Profesorado de Orientación (RIPO) a celebrar na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de As Palmas, co obxectivo de debater e intercambiar experiencias e coñecementos tanto teóricos como de investigación aplicada no ámbito da orientación educativa e profesional.

A MÚSICA COMO RECURSO CURRICULAR EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Lugo, 18-21 de xuño de 2019

As profesoras Carmen Sarceda Gorgoso, do GI GEFIL, e Mª Angeles López de la Calle, dirixirán o curso "A Música como Recurso Curricular en Educación Infantil e Primaria" coa finalidade de xerar un cambio na visión da música en educación, ofrecendo aos futuros profesores e profesoras a ocasión de experimentar e reflexionar sobre como a música pode contribuír ao desenvolvemento formativo, considerándoo como un recurso ao servizo da aprendizaxe nas distintas áreas curriculares.

SEMINARIO DE DOUTORAMENTO EN EDUCACIÓN

Santiago de Compostela, xuño de 2019

A Rede RIES e a Rede UNIASC organizarán na Facultade de Ciencias da Educación o Seminario de Doutoramento en Educación no que participarán tanto investigadores principais como en formación de todos os grupos que compoñen ambas redes, presentando as súas liñas de investigación, así como o avance dos seus respectivos proxectos e traballos de tese.

De forma complementaria, desenvolveranse dúas conferencias. A primeira delas impartida polo profesor Ángel García del Dujo da Universidade de Salamanca e membro da Rede UNIASC, e a segunda impartida pola profesora Margarita Pino Juste, da Universidad de Vigo e coordinadora do GIES 10 da Rede RIES.

XV NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES 2.0: FEMINISMO, VIOLENCIAS E COEDUCACIÓN

Lalín, 8-12 de xullo de 2019

A profesora Mª José Méndez Lois, membro do GI GEFIL, e Mª Jesús Payo Negro dirixirán o curso de verán "XV Novas Fronteiras na Igualdade de Oportunidades 2.0: Feminismo, Violencias e Coeducación" que se celebrará no mes de xullo no Concello de Lalín co obxectivo de fomentar a concienciación de diversas formas de violencia machista na sociedade para o cambio social, mediante o coñecemento de boas prácticas de actuacións igualitarias, facilitando habilidades ao alumnado, abrindo espazos de reflexión, e intercambiando experiencias, entre outros.

CURSO DE VERÁN "FAMILIA E INFANCIA: OS DEREITOS DAS NENAS E DOS NENOS"

Santiago de Compostela, 18-19 de xullo de 2019

A profesora Diana Priegue Caamaño, do GI ESCULCA, dirixirá este Curso de Verán cos obxectivos de analizar as implicacións socioeducativas do dereito das nenas e nenos a ter unha familia, estudar os dereitos da infancia en situacións familiares de especial vulnerabilidade, avaliar o papel dos centros educativos e da comunidade na promoción dos dereitos dos nenos e nenas en relación coa familia, e analizar as perspectivas de futuro para promover os dereitos da infancia en Galicia.

PRÓXIMOS CONGRESOS



VII Encontro da Mocidade Investigadora

Santiago de Compostela, 27-29 de maio de 2019

O obxectivo deste encontro é dar a coñecer as principais temáticas de cada campo de investigación por parte de doutorandos e doutorandas de todas as escolas de doutoramento da Universidade de Santiago de Compostela. Ofrece unha oportunidade única para mostrar e discutir investigacións con outros compañeiros predoutorais, potenciando novas ideas e oportunidades e fomentando a colaboración inter e multidisciplinar entre áreas de coñecemento afíns.

Máis información: http://www.usc.es/gl/centros/ciedus/encontros_mocidade/vii.emi.html

XVI Foro Internacional sobre a Avaliación da Calidade da Investigación e da Educación Superior (FECIES)

Santiago de Compostela, 29-31 de maio de 2019

Este foro, organizado pola Universidade de Granada (Grupo de Investigación CTS-261), a Universidade de Cantabria e a Asociación Española de Psicoloxía Condutual (AEPC), pretende cubrir unha oferta de formación especializada segundo os seguintes obxectivos: coñecer a nova organización das ensinanzas universitarios; analizar e debater sobre a selección do profesorado contratado e funcionario; coñecer e debater sobre a situación do doutoramento en España e na Unión Europea; posta ao día da situación actual do proceso de Converxencia Europea en España; coñecer os distintos plans que teñen as universidades españolas para potenciar a investigación, a calidade e a Converxencia Europea; e coñecer as distintas ferramentas para avaliar a calidade da investigación científica.

Máis información: https://www.ugr.es/~aepc/FECIES_16/presentacion.html

11TH ANNUAL INTERNATIONAL CONFERENCE ON EDUCATION AND NEW LEARNING TECHNOLOGIES (EDULEARN)

Palma de Mallorca, 1-3 de xullo de 2019

EDULEARN é unha das maiores conferencias internacionais de educación para profesores, investigadores, tecnólogos e profesionais do sector da educación. Despois de 11 anos, converteuse nun evento de referencia no que máis de 800 expertos de 80 países reúnense cada ano para presentar os seus proxectos e compartir os seus coñecementos sobre educación e novas tecnoloxías de aprendizaxe.

Máis información: https://iated.org/edulearn/

I Congreso Internacional en Ensinanza e Aprendizaxe con Creatividade desde os 3 aos 12 anos (CRIA)

Viana do Castelo (Portugal), 5-6 de xullo de 2019

Este congreso, organizado pola *Escola Superior de Educação* (Instituto Politécnico de Viana do Castelo), trata de sensibilizar á comunidade educativa, particularmente aos educadores infantís, de primaria e de formación inicial sobre a importancia da creatividade como unha estratexia innovadora que pode ser utilizada no ensino e a aprendizaxe en varias áreas do currículo.

Máis información: https://criaese.wixsite.com/cria2019?lang=pt

PRÓXIMOS CONGRESOS

XV Congreso Internacional Galego-Portugués de Psicopedagoxía

A Coruña, 4-6 de setembro de 2019

As edicións deste congreso constituíron un acontecemento de converxencia académica e de mobilización de profesionais, investigadores e estudantes dos dominios do Ensino, a Formación, a Educación e as Ciencias da Educación, en xeral. O seu público obxectivo son os educadores e profesores de todos os niveis de ensino, pais, psicólogos, académicos, investigadores, profesionais e estudantes das diversas áreas científicas que converxen ao fenómeno da educación. Esta edición do XV Congreso Internacional Galego-Portugués de Psicopedagoxía ten lugar, como a anterior, baixo os auspicios da Asociación Científica Internacional de Psicopedagoxía (ACIP).

Máis información: https://congreso-xvgp.asocip.com/index.php/es/

IX Congreso Internacional de Filosofía da Educación (CIFIE)

Sevilla, 11-13 de setembro de 2019

Este congreso desexa abrir un espazo de discusión sobre como pode responder a educación ás grandes cuestións que deseñan os elementos centrais dunha existencia humana que busca a plenitude. O núcleo do congreso estará dedicado a analizar as posibilidades da educación para previr tales actitudes e capacitar aos educandos para xerar un mundo máis humanizado, que se viva como un fogar común.

Máis información: https://filosofiadelaeducacion.org/

IX Congreso Internacional de Filosofía de la Educación CIFE 2019

I Ágora Internacional sobre Educación, Investigación e Emprego

Badaxoz, 10-13 de setembro de 2019

O ÁGORA é un espazo de encontro e conexión internacional que integra niveis educativos/formativos previos á Universidade, a Universidade e a contorna sociolaboral no que se move o egresado unha vez finalizados os seus estudos, emerxendo pois como un espazo onde integrar estes tres niveles dos que se espera unha coordinación lóxica, que facilite o desempeño competencial nun contexto mundial de aprendizaxe baseada en competencias.

Máis información: https://www.agora2019.com/

PRÓXIMOS CONGRESOS

I Congreso Internacional EDUCACIÓN CRÍTICA E INCLUSIVA

Educación Crítica: hacia una práctica inclusiva y comprometida socialmente

I CONGRESO INTERNACIONAL DE EDUCACIÓN CRÍTICA E INCLUSIVA

León, 27-28 de setembro de 2019

Neste congreso internacional preténdese analizar o papel e a relevancia da educación crítica na formación docente e na análise das políticas socioeducativas neoliberais, expondo alternativas por unha educación para o ben común. É un espazo de intercambio, análise, discusión, colaboración e reflexión para que persoas investigadoras, expertas, profesionais, estudantes, activistas, colectivos comprometidos, movementos e outros axentes sociais compartan as súas experiencias, investigacións e innovacións recentes.

Máis información: https://educacioncriticaeinclusiva.wordpress.com/

NOVIDADES EDITORIAIS

Avilés, J. M. (2019). *Convivir sin* Bullying. *Compartiendo relaciones de respeto.* Madrid: Narcea.



Carrasco, J. B. (2018). *Educar sin manipular. Pedagogía y sensatez para docentes y familias.* Madrid: Narcea.

Evans, L. (2019). *Catedráticos de Universidad. De líderes académicos a académicos que lideran.* Madrid: Narcea.

Fàbregues, S., e Ballestín, B. (2019). *La práctica de la investigación cualitativa en Ciencias Sociales y de la Educación.* Barcelona: Editorial UOC.

Ferraces, M. J., Godás, A., e García Álvarez, J. (2019). *Cómo realizar un estudio científico en ciencias sociales, de la educación y de la salud.* Madrid: Dykinson.

González Labra, M. J. (Ed.). (2019). *Psicología del pensamiento.* Madrid: UNED.

Juanas, Á., Rodríguez Bravo, A. M., e Melendro, M. (2018). *Pedagogía Social. Retos y escenarios para la acción socioeducativa.* Madrid: UNED.

Mateos, T., e Romero, C. (Coords.). (2019). *Redescubrir lo educativo: nuevas miradas.* Barcelona: Octaedro.

Moral, C. (2019). *Competencias para el diseño y desarrollo de experiencias de aprendizaje en la formación del profesorado.* Madrid: Síntesis.

NOVIDADES EDITORIAIS

Paredes, J., Esteban, R. M., e Rodrigo, M. P. (2019). *Didáctica inclusiva y transformadora.* Madrid: Síntesis.

Pereira, C. (2018). *Metodología para estudiar con éxito. Técnicas de estudio y asignaturas difíciles.* Madrid: Pirámide.

Ruiz-Corbella, M., e García-Gutiérrez, J. (Eds.). (2018). *Aprendizaje-Servicio. Los retos de la evaluación.* Madrid: Narcea.

Santos, M. A., Valle, A., e Lorenzo, M. (Eds.). (2019). *Éxito Educativo. Claves de construcción y desarrollo.* Valencia: Tirant Lo Blanch.



Smith, M. (2019). *Las emociones de los estudiantes y su impacto en el aprendizaje. Aulas emocionalmente positivas.* Madrid: Narcea.



Torrego, J. C., e Monge, C. (Coords.). (2018). *Inclusión educativa y aprendizaje cooperativo.* Madrid: Síntesis.



Tricot, A. (2018). *Innovar en educación. Sí, pero ¿cómo? Mitos y realidades.* Madrid: Narcea.

Uruñuela, P. M. (2018). *Trabajar la Convivencia en centros educativos. Una mirada al bosque de la convivencia.* Madrid: Narcea.

Viguerie, J. (2019). *Los pedagogos. Ensayo histórico sobre la utopía pedagógica.* Madrid: Ediciones Encuentro.

NOVIDADES LEXISLATIVAS

Ofrecemos as novidades referentes á lexislación educativa dos últimos meses, tanto a nivel nacional como autonómico galego. Pódese realizar esta consulta de modo máis extenso e seguir as novidades lexislativas na web da Rede RIES:

http://redries.usc.es/index.php?option=com_content&view=article&id=42&Itemid=38

BOE

Prórroga do Acordo Marco de cooperación entre o Reino de España e a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura relativo ao Fondo Fiduciario UNESCO/España de cooperación para o desenvolvemento, feito en París o 11 de setembro de 2002. BOE Núm. 270 Xoves, 8 de novembro de 2018 Páx. 108933.

https://www.boe.es/boe/dias/2018/11/08/pdfs/BOE-A-2018-15296.pdf

Resolución do 6 de novembro de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Convenio coa Universidade de A Coruña, para a realización de prácticas académicas externas. BOE Núm. 281 Mércores, 21 de novembro de 2018 Páx. 113361-113364.

https://www.boe.es/boe/dias/2018/11/21/pdfs/BOE-A-2018-15899.pdf

Resolución do 14 de novembro de 2018, da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, pola que se publican os criterios específicos aprobados para cada un dos campos de avaliación. BOE Núm. 285 Luns, 26 de novembro de 2018 Páx. 115199-115222.

https://www.boe.es/boe/dias/2018/11/26/pdfs/BOE-A-2018-16138.pdf

Real Decreto 1401/2018, do 23 de novembro, polo que se crea o Observatorio "Mulleres, Ciencia e Innovación", para a igualdade de xénero no Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación. BOE Núm. 298 Martes, 11 de decembro de 2018 Páx. 121370-121375.

https://www.boe.es/boe/dias/2018/12/11/pdfs/BOE-A-2018-16905.pdf

Orde CNU/1309/2018, do 5 de decembro, pola que se regulan as condicións xerais ás que se axustarán os plans de estudo do Grao en Psicoloxía. BOE Núm. 298 Martes, 11 de decembro de 2018 Páx. 121376-12378.

https://www.boe.es/boe/dias/2018/12/11/pdfs/BOE-A-2018-16906.pdf

Real Decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial. BOE Núm. 11 Sábado, 12 de xaneiro de 2019 Páx. 2260-2268.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/01/12/pdfs/BOE-A-2019-317.pdf

Orde PCI/12/2019, do 14 de xaneiro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, e as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas no curso 2018-2019. BOE Núm. 13 Martes, 15 de xaneiro de 2019 Páx. 2677-2728.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/01/15/pdfs/BOE-A-2019-395.pdf

Entrada en vigor do Acordo entre o Reino de España e a República Arxentina sobre recoñecemento mutuo de títulos e certificados de estudos de Educación primaria, secundaria obrigatoria e pos obrigatoria e Educación superior non universitaria do Reino de España e os niveis de Educación primaria, secundaria e superior -a excepción da educación universitaria- da República Arxentina, ou as súas denominacións equivalentes, feito en Madrid o 23 de febreiro de 2017. BOE Núm. 16 Venres, 18 de xaneiro de 2019 Páx. 3661.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/01/18/pdfs/BOE-A-2019-540.pdf

Acordo de recoñecemento mutuo de títulos, diplomas e graos académicos de Educación Superior Universitaria entre o Reino de España e a República Arxentina, feito "ad referendum" en Madrid o 23 de febreiro de 2017. BOE Núm. 16 Venres, 18 de xaneiro de 2019 Páx. 3662-3665.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/01/18/pdfs/BOE-A-2019-541.pdf

Resolución do 16 de xaneiro de 2019, da Universidade da Coruña, pola que se publica o plan de estudos de Máster en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria (Máster conxunto das universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña). BOE Núm. 32 Mércores, 6 de febreiro de 2019 Páx. 10888-10889.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/02/06/pdfs/BOE-A-2019-1623.pdf

Resolución do 16 de xaneiro de 2019, da Universidade de A Coruña, pola que se publica a modificación do plan de estudos de Máster en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria. BOE Núm. 32 Mércores, 6 de febreiro de 2019 Páx. 10890-10892.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/02/06/pdfs/BOE-A-2019-1624.pdf

Real Decreto-lei 3/2019, do 8 de febreiro, de medidas urxentes no ámbito da Ciencia, a Tecnoloxía, a Innovación e a Universidade. BOE

NOVIDADES LEXISLATIVAS

Núm. 35 Sábado, 9 de febreiro de 2019 Páx. 12381-12395.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/02/09/pdfs/BOE-A-2019-1782.pdf

Resolución do 13 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se publica a Addenda ao Convenio de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se articula o financiamento por parte do Ministerio e o co financiamento por parte do Fondo Social Europeo da implantación de Formación Profesional Básica e da anticipación da elección e novos itinerarios nos cursos 3º e 4º da Educación Secundaria Obrigatoria, introducidas pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. BOE Núm. 46 Venres, 22 de febreiro de 2019 Páx. 17391-17393.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/02/22/pdfs/BOE-A-2019-2525.pdf

Resolución do 22 de febreiro de 2019, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 7 febreiro de 2019, conxunta da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional e a Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación, pola que se establecen as adaptacións da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade ás necesidades e situación dos centros españoles situados no exterior do territorio nacional, os programas educativos no exterior, os programas internacionais, os alumnos procedentes de sistemas educativos estranxeiros e as ensinanzas a distancia, para o curso 2018-2019. BOE Núm. 47 Sábado, 23 de febreiro de 2019 Páx. 17595-17600.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/02/23/pdfs/BOE-A-2019-2555.pdf

Orde EFP/196/2019, do 26 de febreiro, pola que se regulan as probas da avaliación final de Educación Secundaria Obrigatoria, para o curso 2018/2019. BOE Núm. 51 Xoves, 28 de febreiro de 2019 Páx. 18983-18985.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/02/28/pdfs/BOE-A-2019-2782.pdf

Resolución do 26 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se publica o Acordo da Conferencia Xeral de Política Universitaria, polo que se determinan as datas límite de preinscrición, de publicación de listas de admitidos e de inicio do período de matriculación nas universidades públicas para o curso académico 2019-2020. BOE Núm. 54 Luns, 4 de marzo de 2019 Páx. 21002.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/03/04/pdfs/BOE-A-2019-3106.pdf

Lei 4/2019, do 7 de marzo, de mellora das condicións para o desempeño da docencia e a ensinanza no ámbito da educación non universitaria. BOE Núm. 58 Venres, 8 de marzo de 2019 Páx. 22219-22221

https://www.boe.es/boe/dias/2019/03/08/pdfs/BOE-A-2019-3307.pdf

Resolución do 28 de febreiro de 2019, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de Validación do Real Decreto-lei 3/2019, do 8 de febreiro, de medidas urxentes no ámbito da Ciencia, a Tecnoloxía, a Innovación e a Universidade. BOE Núm. 61 Martes, 12 de marzo de 2019 Páx. 23182.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/03/12/pdfs/BOE-A-2019-3482.pdf

Real Decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación. BOE Núm. 64 Venres, 15 de marzo de 2019 Páx. 25536-25545.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/03/15/pdfs/BOE-A-2019-3700.pdf

Orde EFP/301/2019, do 11 de marzo, pola que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva. BOE Núm. 66 Luns, 18 de marzo de 2019 Páx. 26657-26711.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/03/18/pdfs/BOE-A-2019-3860.pdf

Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo. BOE Núm. 72 Luns, 25 de marzo de 2019 Páx. 30321-30358.

https://www.boe.es/boe/dias/2019/03/25/pdfs/BOE-A-2019-4294.pdf

DOG

Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. DOG Núm. 219 Venres, 16 de novembro de 2018 Páx. 49175-49222.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181116/AnuncioG0534-121118-0001_gl.pdf

Resolución do 15 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convocan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoito anos nas convocatorias de maio e setembro, e se ditan instrucións para a súa realización. DOG Núm. 17 Xoves, 24 de xaneiro de 2019 Páx. 4444-4462.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190124/AnuncioG0534-160119-0002_gl.pdf

NOVIDADES LEXISLATIVAS

Resolución do 16 de xaneiro de 2019 pola que se publica o plan de estudos do máster universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria (máster conxunto da Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo). DOG Núm. 30 Martes, 12 de febreiro de 2019 Páx. 8976-8979.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190212/AnuncioG2017-290119-0001_gl.pdf

Decreto 12/2019, do 7 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. DOG Núm. 37 Xoves, 21 de febreiro de 2019 Páx. 10668-10671.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190221/AnuncioG0534-130219-0001_gl.pdf

Resolución do 11 de febreiro de 2019, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2018/19, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2019/20. DOG Núm. 37 Xoves, 21 de febreiro de 2019 Páx. 10672-10690.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190221/AnuncioG0534-110219-0004_gl.pdf

Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo. DOG Núm. 38 Venres, 22 de febreiro de 2019 Páx. 10852-10911.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190222/AnuncioG0534-120219-0001_gl.pdf

Resolución do 16 de xaneiro de 2019 pola que se publica a modificación do plan de estudos do máster universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria. DOG Núm. 45 Martes, 5 de marzo de 2019 Páx. 12622-12624.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190305/AnuncioG2017-210219-0001_gl.pdf

Orde do 26 de febreiro de 2019 pola que se regula a composición e o funcionamento das xuntas provinciais e da Xunta Autonómica de Directores e Directoras de Centros de Ensino non Universitario. DOG Núm. 47 Xoves, 7 de marzo de 2019 Páx. 12885-12898.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190307/AnuncioG0534-280219-0001_gl.pdf

COORDINADOR DA REDE RIES

Dr. Miguel A. Santos Rego

GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

GI 1790 ESCOLA-CULTURA (ESCULCA)

Dir. Miguel A. Santos Rego

GI 1877 GRUPO GALEGO DE ESTUDOS PARA A FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL (GEFIL)

Dir. Carmen Sarceda Gorgoso

GI 1468 DIAGNÓSTICO E ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL (DIOEP)

Dir. Elena Fernández Rey

GI 1438 TECNOLOXÍA EDUCATIVA (TECNOEDUC)

Dir. Beatriz Cebreiro López

GI 1372 GRAMÁTICA DO ESPAÑOL (GRAMÁTICA)

Dir. Victoria Vázquez Rozas

GI DE3 GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE (GIES10)

Dir. Margarita Pino Juste

GI EN PSICOLOXÍA EDUCATIVA (PED)

Dir. Antonio Valle Álvarez

RIES

REDE de INMIGRACIÓN, ESCOLA e SOCIEDADE

Contacto:

Facultade de Ciencias da Educación
Despacho 28 (Módulo A)
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela (A Coruña)
http://redries.usc.es
rederies@gmail.com
Teléfono: 881 813 890

EQUIPO DE REDACCIÓN

- **Carmela Cambeiro Lourido**
- **Jesús García Álvarez**

Xa estamos traballando en…

- XIII Seminario Nacional de Atención Educativa ao Alumnado Inmigrante. Experiencia e Innovación (Novembro, 2019).
- XVII Congreso Nacional e IX Iberoamericano de Pedagoxía "A Educación en Rede. Realidades Diversas, Horizontes Comúns" (Xullo, 2020).

Financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional-Unión Europea